

CEIP DE TEIXEIRO

BOLETÍN INFORMATIVO
PARA AS FAMILIAS



CURSO 2017/18

ÍNDICE

OBXECTIVOS XERAIS	Páx. 3
ÓRGANOS DE GOBERNO	Páx. 4
CLAUSTRO DE PROFESORES/AS	Páx. 5
CADRO DE VISITAS DE SECRETARÍA, DIRECCIÓN E XEFATURA DE ESTUDOS	Páx. 6
ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	Páx. 6
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Páx. 8
DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Páx. 9
ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO	Páx. 10
ORGANIZACIÓN DE RECURSOS, MATERIAIS E ESPAZOS	Páx. 11
PLAN DE ACTIVIDADES DE SERVICIO	Páx. 12
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Páx. 13
ANPA	Páx. 16
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	Pax. 16
CALENDARIO E HORARIO ESCOLAR	Páx. 17
DÍAS NON LECTIVOS	Páx. 18
NORMAS DO CENTRO	Páx. 19
MODELO XUSTIFICACIÓN FALTAS	Páx. 22

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais, recollidos na Programación Xeral Anual, son:

- Fomentar os hábitos democráticos de conduta dentro da comunidade educativa.
- Responsabilizar no coidado das instalacións do Colexio e do mobiliario e material escolar.
- Propiciar o aspecto formativo do alumnado, sen esquecer o instrutivo dentro do contexto das peculiaridades sociais da nosa comunidade.
- Fomentar os hábitos da lectura e a comprensión dos textos tanto na lingua galega coma na castelá.
- Impulsar as normas de hixiene, aseo e limpeza en persoas e instalacións.
- Procurar impulsar o coñecemento e importancia do medio ambiente e o coidado do mesmo.

Ademais pretendemos:

- Rematar de informatizar a biblioteca do centro .
- Fomentar a lectura mediante a organización de distintas actividades que se incluírán no Plan LECTOR.
- Aplicación do Plan de introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación.
- Afacer ao alumnado ao uso do ordenador e ás ferramentas informáticas.
- Programar distintas actividades buscando a colaboración das familias para conseguir unha maior implicación delas na vida do centro.
- Poñer en práctica o Plan de Convivencia Escolar

ÓRGANOS DE GOBERNO

1.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Director:

Hipólito Penas García

Xefa de Estudos:

Teresa González Roca

Secretaria:

Auria Ausina Arrojo

2.- ÓRGANOS COLEXIADOS

2.1.- CONSELLO ESCOLAR

Director	Hipólito Penas García
Xefa de estudos	Teresa González Roca
Secretaria	Auria Ausina Arrojo
Representantes do profesorado	María Abelairas Sarceda María Fuentes Quindimil M ^a Cristina García Estévez Beatriz Suárez Felpeto Susana Vázquez Rivera
Representantes dos pais/nais do alumnado	M ^a Teresa Abad Sánchez Isabel Freire Lage Ana M ^a Rodríguez Martínez María Sánchez Seoane Ainara Santos Prieto (Representante da APA)
Representante do persoal non docente	M ^a Jesús Vázquez Vilariño
Representante do concello	Antonio Angel Fraga Sánchez

- Reúnese cando menos unha vez ao trimestre

2.2.- CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

E.I.	E.P.	Música	Relixión	Inglés	E.F	PT	AL	Orien	Total
4	6	1	2	1	1	2	1	1	19

<p style="text-align: center;"><u>Educación Infantil</u></p> <p>3 anos (4º Infantil): Susana Vázquez Rivera</p> <p>4 anos (5º Infantil): Juana Yáñez Abad</p> <p>5 anos (6º Infantil): María Abelairas Sarceda</p> <p>Apoio: Mª Cristina García Estévez</p>	<p style="text-align: center;"><u>Educación Primaria (1º CICLO)</u></p> <p>1º: Teresa González Roca</p> <p>2º: Auria Ausina Arrojo</p>
<p style="text-align: center;"><u>Educación Primaria (2º CICLO)</u></p> <p>3º: Mª Ángeles Fariñas Pérez</p> <p>4º: María Fuentes Quindimil</p>	<p style="text-align: center;"><u>Educación Primaria (3º CICLO)</u></p> <p>5º: Ana Aenlle Conde</p> <p>6º: Sagrario Sánchez Martínez</p>
<p style="text-align: center;"><u>Profesorado especialista</u></p> <p>E.F.: Beatriz Suárez Felpeto</p> <p>Inglés: José Babio Fariña</p> <p>Música: María Fuentes Quindimil</p> <p>Relixión: Mª Isabel Castiñeira Souto (Infantil e 2º curso) / Manuel Lodeiro Miragaya (1º, 3º, 4º, 5º e 6º curso)</p> <p>P.T.: Andrea Miraz Merelas /Mª Jesús Díaz Armesto</p> <p>A.L.: Cinthia Aixa Vázquez Dopazo</p> <p>Orientadora: Marta López Espiñeira</p>	

CADRO DE VISITAS

Debe respectarse. Non se realizará ningún trámite fóra deste horario

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª 9.30 10.20				Secretaría	
2ª 10.20 11.10	Dirección	Dirección		Dirección	Dirección
3ª 11.10 12.00		Dirección Secretaría	Xefatura de Estudos	Dirección	Xefatura de Estudos Secretaría
4ª 12.50 13.40	Xefatura de Estudos Secretaría	Xefatura de Estudos	Dirección Secretaría		
5ª 13.40 14.30				Xefatura de Estudos	

O horario de atención ás familias dos titores/as é todos os luns de 15.45 a 16.45 horas . É conveniente que concerten a visita cos titores/as co fin de non entorpecer a actividade educativa do centro.

ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

1.- Equipos docentes

Equipo Infantil - Cursos	Coordinadora
3, 4 e 5 anos	Mª Cristina García Estévez

2.- Titorías

Equipo Primaria - Cursos	Coordinadoras
1º Curso	Teresa González Roca
2º Curso	Auria Ausina Arrojo
3º Curso	Mª Ángeles Fariñas Pérez
4º Curso	María Fuentes Quindimil
5º Curso	Ana Aenlle Conde
6º Curso	Sagrario Sánchez Martínez

2.- Comisiones e departamentos

Comisión de Coordinación Pedagógica	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Hipólito Penas García Teresa González Roca Andrea Miraz Merelas Mª Jesús Díaz Armesto María Fuentes Quindimil Ana Aenlle Conde Mª Cristina García Estévez	María Fuentes Quindimil (coord.) Juana Yáñez Abad Susana Vázquez Rivera Ana Aenlle Conde Teresa González Roca Hipólito Penas García Mª Jesús Díaz Armesto
Equipo de Act. Complementarias	Departamento de Orientación
Beatriz Suárez Felpeto (coord.) Todos os demais profesores	Marta López Espiñeira (coord.) Andrea Miraz Merelas Mª Jesús Díaz Armesto Cinthia Aixa Vázquez Dopazo Teresa González Roca (Xefa Estudos) Mª Cristina García Estévez

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación está formado pola orientadora, as profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe e as coordinadoras de ciclo. Para favorecer a coordinación co Equipo Directivo tamén forma parte del a Xefa de Estudos.

O Departamento de Orientación funcionará na mesma liña dos anos anteriores, tendo como prioridades:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar estratexias de intervención para favorecer a atención á diversidade, procurando colaborar co profesorado e coa familia para favorecer o seu desenvolvemento..
- Deseñar accións encamiñadas á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos: mediadores, recuncho da paz, recuncho de solución de conflitos.
- Planificar actividades dentro da educación para a saúde, educación non sexista e educación para a paz.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
- Fomentar a formación permanente e experimentación do profesorado..
- Fomentar a colaboración, participación e implicación das familias co centro.
- Asesorar as familias naqueles aspectos relacionados coa educación dos seus fillos e fillas.

- Programar charlas didáctico-educativas dentro da Escola de Nais e Pais sobre temas de interese.

O horario de atención ás familias por parte do orientador será os luns de 9.30 a 10.20 horas e os venres de 10.20 a 11.15 horas ou a outra hora previa cita coa orientadora.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Departamento de Normalización Lingüística está coordinado por *María Fuentes Quindimil* e nel están representados os distintos cursos do colexio.

A súa función principal é a promoción da lingua galega e fomentar o seu uso normativo por parte de todos os membros da comunidade educativa.

As actividades xerais que realiza todos os anos son:

- Organización de programas e actividades en galego.
- Elaboración do xornal do centro: A FROULA
- Organizar actividades, coincidindo coas Letras Galegas, que favorezan a expresión escrita en lingua galega.
- Colaborar na programación das festas tradicionais galegas.
- Ampliar a dotación bibliográfica, fonográfica e videográfica do colexio.

Durante este curso as actividades concretas que se pretenden realizar son as seguintes:

- Elaboración de carteis e murais en galego.
 - Invitar a autores para comentar os seus libros co alumnado.
 - Promover a lectura de obras en galego.
 - Realizar concursos de contos e poesías.
 - Representación de obras teatrais en galego.
 - Campañas de animación á lectura.
 - Exposicións con motivo de datas importantes.
- ...

ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

Distribución do alumnado por cursos

ALUMNADO DE INFANTIL

CURSO	3 ANOS 4º INFANTIL	4 ANOS 5º INFANTIL	5 ANOS 6º INFANTIL	TOTAL INFANTIL
	22	22	25	69

ALUMNADO DE PRIMARIA

Ciclo	Aula	Alumnado	Aula	Alumnado	Total
1º Ciclo	1º	16	2º	22	38
2º Ciclo	3º	12	4º	18	30
3º Ciclo	5º	7	6º	10	17
TOTAL PRIMARIA					85
TOTAL COLEXIO					154

ORGANIZACIÓN DE RECURSOS, MATERIAIS E ESPAZOS

BIBLIOTECA	Está ubicada na parte esquerda do centro na aula 2. Está coordinada por Ana Aenlle Conde.
AULA MÚSICA	Está ubicada na parte superior das aulas novas. Aula 16.
AULA DE APOIO	Aula de apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Está na aula 9
AULA DE INGLÉS	Aula onde están todos os recursos para impartir a lingua inglesa. Atópase na parte baixa das aulas novas, na aula 13.
AULA DE RECURSOS E MEDIO AMBIENTE	Está ubicada na parte superior das aulas novas, na aula 15.
AULA DE INFORMÁTICA	Está ubicada na parte esquerda do centro na aula 1.
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Está ubicado no corredor da esquerda ao final do pasillo.
XIMNASIO	Está situado na parte baixa do centro á esquerda do patio cuberto

OUTRAS INSTALACIÓNS QUE UTILIZA O CENTRO

POLIDEPORTIVO: Úsase para impartir ás veces clases de Educación Física dos alumnos de Primaria e para realizar as competicións deportivas en idade escolar.

PLAN DE ACTIVIDADES DE SERVIZO

Estes servizos facilitan a posibilidade de acceso ao centro da poboación escolar que vive nos arredores de Teixeira.

Os alumnos que utilizan estes servizos a diario deben avisar coa suficiente antelación cando non vaian utilizalos

1.- SERVIZO DE COMEDOR

Realízase de 14.30 a 15.15 horas despois de rematar o horario escolar.

Director	Hipólito Penas García	Coordina ao persoal de comedor
Encargada	Susana Vázquez Rivera	Elabora menús e organiza quendas de vixilancia e servizo de alimentos
Colaboradores	2 profesoras 4 nais Alumnado 5º-6º	Coidan hábitos e comportamento no comedor. Serven por quendas os alimentos aos compañeiros/as
Cociñeira Axudante	Mª Jesús Vázquez Mª Teresa Españeira	Realizan o menú diario e labores de limpeza e hixiene da cociña e comedor.

2.- SERVIZO DE TRANSPORTE

Realízanse 4 itinerarios unha vez rematado o comedor escolar.

EMPRESA	ITINERARIO	PARADAS
AUTOS RAMOS SEOANE, S.L.	Nº 1	Cruce Gorxá ..., Foxado..., Castro
	Nº 2	Penedo ..., Belén..., Maques de Arriba
AUTOBUSES SANTISO, S.L.	Nº 3	Abelar ..., Pedraporral ... , Paradela ...
	Nº 4	A Cancela ... , Santaia ... , Insua

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Coordinadora do Equipo de actividades
complementarias e extraescolares:

Beatriz Suárez Felpeto

Realizamos estas actividades co fin de que

- Sirvan de motivación e reforzo á programación curricular.
- Faciliten a relación do alumnado co contorno cultural e social.
- Desenvolvan actitudes e hábitos de compañeirismo e colaboración.

ACTIVIDADES PREVISTAS:

1. Celebración do Samaín: 31 de outubro.
2. Celebración do Magosto: 31 de outubro.
3. Día Universal da Infancia: 20 de novembro.
4. Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 novembro.
5. Do 1 ao 11 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
6. Día Internacional das persoas con Discapacidade: 3 de decembro.
7. Día Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro
- 8. Festival de Nadal: 21 de decembro. (Este día non hai comedor escolar)**
9. Día Escolar da non Violencia e da Paz: 30 de xaneiro.
10. Festival do Entroido: 9 de febreiro.
11. Día Internacional da Muller: 8 de marzo.
12. Semana da Prensa: 5 ao 9 de marzo.
13. Día dos Dereitos do Consumidor:: 15 de marzo.
14. Día Mundial da Saúde: 7 de abril.

15. Semana do Libro: entre o 23 e o 27 de abril.

16. Día de Europa: 9 de maio

17. Semana das Letras Galegas: do 14 ao 18 de maio.

18. Festival das Letras Galegas: 16 de maio. (Este día non hai comedor escolar).

19. Día Mundial do Ambiente: 5 de xuño.

20. Festa Fin de Curso: 21 de xuño.

SAÍDAS

Os equipos de ciclo elaboran unha planificación das saídas que consideran máis axeitadas para o seu alumnado e que se comunicarán ás familias coa suficiente antelación polas titoras correspondentes de cada nivel educativo.

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS
(A.N.P.A.)

Presidenta	Mónica Casal Vidal
Vicapresidenta	Maricarmen Buján Vázquez
Secretaria	Ainara Santos Prieto
Vocal	Paula Pérez Ares

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Están organizadas pola ANPA, o Concello e a Asociación Cultural "Faragullas"

Actividades da ANPA

Natureza e aire libre (aula)	Luns	Ás 15.30 horas
Taekwondo (Ximnas)	Luns	Ás 15.30 horas
Xadrez (aula)	Martes	Ás 15.30 horas
Ioga (ximnasio)	Martes	Ás 15.30 horas
Robótica (aula)	Mércores	Ás 15.30 horas
Psicomotricidade (ximnasio)	Mércores	Ás 15.30 horas
Pintura (aula)	Xoves	Ás 15.30 horas
Teatro (ximnasio)	Xoves	Ás 15.30 horas
Natación (piscina Betanzos)	Venres	Ás 19.30 horas

Actividades do Concello

Fóra do horario escolar (informarse nas oficinas municipais)

Ximnasia artística	Patinaxe	Fútbol sala	Baile
--------------------	----------	-------------	-------

Actividades da Asociación Cultural Faragullas

Baile galego	Venres	De 15.15 a 16.15 horas
Gaita, pandeireta e tamboril	Sábados	De 12.30 a 14.30 no Edificio de Servizos Múltiples

CALENDARIO E HORARIO ESCOLAR

- O horario é o mesmo durante todo a curso escolar por ter xornada continuada. As clases desenvólvense de luns a venres da seguinte maneira:

XORNADA CONTINUADA

Meses	Horario
De setembro a xuño	9.30-14.30 horas

PERÍODOS LECTIVOS

1 ^a sesión	2 ^a sesión	3 ^a sesión	Recreo	Lectura	4 ^a sesión	5 ^a sesión
9.30 10.20	10.20 11.10	11.10 12.00	12.00 12.25	12.25 12.50	12.50 13.40	13.40 14.30
50 min	50 min	50 min	25 min	25 min	50 min	50 min

DÍAS NON LECTIVOS DO CALENDARIO ESCOLAR

Outubro	Xoves 12 Venres 13	Festividade do Pilar Día solicitado polo Consello Escolar
Novembro	Martes 1	Festivo oficial
Decembro	Mércores 6	Festivo oficial
Decembro	Xoves 7	Día do ensino
Decembro	Venres 8	Festivo oficial
Decembro e Xaneiro	Do 22 decembro ao 7 xaneiro	Vacacións de Nadal
Febreiro	12,13,14	Festas do Entroido
Marzo Abril	Do 24 marzo ao 02 abril luns 30	Vacacións de Semana Santa Día solicitado polo Consello Escolar
Maio	Martes 1	Festivo oficial
Xuño	Venres 21	Remate do curso (Festa do colexio)

NORMAS DO CENTRO

Recórdanse as seguintes normas (Orde do 22 de xullo 1.997) :

Non se pode acceder aos espazos didácticos pedagóxicos, incluídos corredores, e comedor sen autorización.

Os pais/nais que veñen a taer alumnos á hora de entrada teñen que abandonar o recinto escolar en canto toca a sirena, a non ser que teñan que facer algún trámite administrativo no centro.

O alumno só pode abandonar o Centro en horario escolar co permiso do director ou persoa en quen delegue, e sempre que se fagan cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada asinando no libro de recollida de alumnos.

O colexio ten que saber onde está cada alumno en todo momento ata que marcha do centro, polo que hai que avisar mediante unha nota escrita cando un neno non vai regresar no transporte escolar, ben porque se queda a unha actividade ou ben por se algún día non vai quedar no comedor porque vai comer á casa.

Non se pode aparcas nos lugares destinados aos autobuses escolares nin diante da saída dos mesmos.

Os alumnos deben ser puntuais e xustificar as faltas de asistencia cunha nota dos pais enviada ao titor correspondente.

Os alumnos do pobo procurarán non estar no colexio ata cinco minutos antes do toque de entrada, e como moito dez se veñen acompañados dos pais ou persoa que se responsabilice deles.

Despois do toque de entrada, as cancelas e as portas deben permanecer cerradas, polo que as persoas que accedan ao centro despois dese momento deberán cerralas.

Os profesores deben estar informados de calquera problema médico que poida ter o neno: alerxias alimentarias, respiratorias ou doutro tipo, soplos, etc. Tamén é importante comunicar problemas de calquera outro tipo que poidan afectar ao *rendemento do alumno*.

Para facer calquera trámite relacionado coa Secretaría, Dirección ou Xefatura de Estudos do Centro **débense respectar os horarios** dos mesmos, **expostos no taboleiro** de anuncios da entrada. Se o que se necesita é un certificado, debe solicitarse cun escrito dirixido ao director.

Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo, polo que estade pendentes das convocatorias oficiais e presentade as mesmas, aínda que falte documentación, xa que a podedes aportar máis tarde.

A información está sempre dispoñible no taboleiro da entrada do centro, na páxina web e os nenos sempre levan notas informativas sobre as mesmas..

O día de visita de pais será os luns de 15.45 a 16.45 h. É aconsellable avisar os titores coa suficiente anticipación, ben chamando por teléfono ou mandando unha nota polos nenos.

Se é posible poñédelle o nome do neno e o curso na etiqueta da roupa cun rotulador permanente , pois queda moita olvidada

no colexio que ninguén reclama, e sen o nome é imposible saber de quen é.

Os alumnos non poden estar no colexio polas tardes, a non ser que veñan a unha actividade ou á biblioteca.

É obriga dos alumnos o ser respectuosos co mobiliario e co material do centro, incluído o do comedor, polo que o neno que o estropee voluntariamente deberá repoñelo.

Os alumnos do pobo que utilizan o comedor escolar poderán ser recollidos polos pais/nais/titores ou as persoas debidamente autorizadas dende o momento en que saen do comedor e deberán abandonar o centro o máis rápido posible. No patio só poden permanecer os alumnos que quedan ás actividades e os de transporte; pero unha vez que soe a sirena se algúns nenos aínda están no patio por calquera causa, terán que esperar a que marchen os autobuses para levalos. Os alumnos que teñen autorización para marchar sós teñen que esperar tódolos días no patio cuberto da entrada a que marchen os transportes.

Calquera variación nos datos familiares (domicilio, teléfonos, etc) debe comunicarse aos titores o máis rápido posible.

Correo electrónico: ceip.teixeiro@edu.xunta.es

Páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdeteixeiro>

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA

Teixeiro, a ____ de _____ de _____

D./D^a. _____, pai, nai ou titor do
alumno _____ de _____ curso.

Xustifico que o meu fillo/a faltou ao colexio o día _____,
porque _____.

O pai, nai ou titor

**MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER ALUMNOS
POR PERSOAS DISTINTAS AOS PAIS**

Teixeiro, a ____ de _____ de _____

D./D^a. _____, pai, nai ou titor do
alumno _____ de _____ curso.

Autorizo a D/D^a _____,

con DNI: _____, a recoller ao meu fillo no CEIP de
Teixeiro.